

## Entrar en Wordpress

WordPress é un xestor de contidos que usan millóns de sitios web en todo o mundo, desde pequenos blogues a grandes webs.

A súa gran popularidade radica en que é unha plataforma sinxela pero moi potente que nos ofrece moitas posibilidades para crear, personalizar e levar aos nosos sitios web ao nivel que queiramos.

É dicir, WordPress é moito máis que unha plataforma que nos permite crear e publicar contido na internet.


Dentro de WordPress hai dous sitios e sistemas diferenciados: **wordpress.com** e **wordpress.org**

Con **wordpress.com** podemos crear un sitio web sen ter que contratar un hosting. Este sitio web estará aloxado nos propios servidores de WordPress. O nome do dominio estará vinculado a WordPress e a túa web será realmente un subdominio.

Con **wordpress.org** podemos crear un sitio web e aloxalo no noso propio hosting. Neste caso, o dominio non estará ligado a WordPress e teremos todas as posibilidades que queiramos á hora de crear, personalizar e monetizar nosa web.


## Primeiros pasos: Crear un usuario.

Antes de poder publicar no blog imos ter que crear un usuario, para iso imos ao enderezo <http://es.wordpress.com> e pulsamos na esquina superior esquerda “**Empeza agora**”. Imos ter que dar cinco pasos antes de ter o noso blog.



1. Eliximos o **correo electrónico** ao que imos asociar a nosa conta de **wordpress**.


- Seguidamente eliximos o **usuario**
- E por último poñemos un **contrasinal**
- Pulsamos “**Crear conta**” e pasamos ao **paso 2**.



2. Eliximos o **tipo de blog** a crear (Blog)




3. Introducimos o **tema do blog** (libros)



#### 4. Coidado!

Aquí desvían a atención para que elixamos un dominio de pago. Só nos ofrecen unha opción gratis (a marcada en vermello con recadro na foto)


Debemos avaliar as distintas posibilidades para elixir o que máis se adapte ás nosas necesidades.



#### 5. Tachán!!


Xa temos un blog: Só falta actualizar a páxina de inicio

Pulsamos “Actualizar página de inicio”



6. O seguinte que temos que facer é configurar o aspecto da nosa páxina de inicio

Pulsamos **“Change Layout”**



7. Podemos escoller distintas plantillas


Vou elixir a plantilla **“Blog”** e xa teremos o blog listo para publicar. A primeira vez hai que confirmar a nosa conta de correo electrónico.

NOTA: Sempre a barra de ferramentas estará arriba.

**Xa temos un blog en Wordpress!**

# Primeiros pasos: Ola mundo.

Imos saudar ao mundo co noso primeiro post, para iso, imos coñecer primeiro o panel de administración do blog:



1. Prememos en **“Escribe”** e aparecerá a seguinte xanela onde poderemos configurar a nosa entrada:



2. Poñemos un título á entrada
3. Redactamos algo:

*“Un blog é unha maneira sinxela de presentar breves anacos de contido na internet de maneira periódica, sen a necesidade de contar cun desarrollador ou deseñador web experto. O blog tamén é unha ferramenta poderosa de márketing e de comunicación que axuda ás compañías para dialogar de mellor maneira cos seus grupos de interese de todos os estilos, desde clientes ata provedores, de socios ata empregados.*

*Nos últimos anos, estes espazos editoriais convertéronse nun instrumento esencial dentro das estratexias de márketing e de Social Media de distintas compañías.”*

4. Configuramos a nosa entrada nas opcións da barra lateral:
5. Poñemos etiquetas
6. Non facemos nada máis.

### **¡Xa temos a nosa primeira entrada!**

7. Pulsamos **“Publicar”** para velo.

## Primeiros pasos: Segundo post.

Neste segundo post imos aprender a inserir elementos multimedia, primeiro unha imaxe e despois un vídeo. Veremos como poderemos configurar a entrada en función das nosas necesidades porque a construción da entrada está organizada por bloques independentes que se poden configurar de forma individual.

1. Poñemos un título á entrada (tenta que estea relacionada co tema do teu blogue)
2. Redactamos algo:

“Crear un texto que faga referencia á imaxe que imos inserir”

3. Buscamos unha imaxe chula na internet noutra pestana (**Ollo coas licenzas!**)<sup>1</sup>


---

<sup>1</sup> **Boas prácticas:**

4. Engadimos contido seleccionando o que queremos.



Libros, libros, libros...



5. Primeiro cunha imaxe
6. Pulsamos o botón “engadir imaxes dunha url”
7. Despois cun vídeo desde youtube.
8. Configuramos a nosa entrada nas opcións da barra lateral:
9. Poñemos etiquetas
10. Non facemos nada máis.

---

*A distribución de materiais multimedia en calquera formato están suxeitos á mesma lexislación sobre dereitos de autor que o resto de obras: libros, pinturas, música, etc. Isto significa que se decidimos incorporar recursos alleos (imaxes, audios, vídeos, presentacións, documentos) ao noso espazo web debemos coñecer e respectar as condicións de uso que definiron os autores destes materiais. E isto é especialmente significativo cando o material que elaboramos supera o contexto de uso particular e preténdese publicar na internet.*

*Que unha imaxe estea dispoñible na internet non significa que sexa libre para usala. Unha das prácticas máis importantes á hora de publicar na internet é non usar nunca imaxes que teñan dereitos de autor e das cales non teñamos permiso para ser utilizadas.*

*Existen repositorios de imáxenes que inclúen licencias de libre uso como: [Flickr](#), [PhotoPin](#), [MorgueFile](#), [123RF](#), [Let's CC](#), [Pixabay](#), [Clker](#), [Foter](#)... También existen ciertos repositorios con imáxenes vectoriales como [Vector Hunter](#) o [Freepik](#)*

## Xa temos a nosa primeira entrada multimedia!

11. Pulsamos “**Publicar**” para velo.

# Primeros pasos: Tercer post. Código html. Programando unha entrada.

WordPress é unha ferramenta en constante evolución e en cada unha das súas novas versións incorpora melloras que afectan tanto á seguridade como á ergonomía e facilidade de uso.

Nas últimas versións de WordPress desenvolveuse unha nova forma de incrustar vídeos, imaxes e outros contidos no blogue que tratan de facilitarnos a tarefa. Agora xa non é necesario localizar o código de embeber contido que se utilizaba nalgúns das ferramentas da Web 2.0 que nos permiten compartir contido multimedia.



**oEmbed** é un sistema, integrado en WordPress, mediante o cal podes visualizar contido


multimedia só con engadir a URL no editor de texto de WordPress<sup>2</sup>.

Neste tercer post imos aprender a inserir elementos multimedia a partir do seu código html.

Wordpress permite, con oEmbed, incrustar desde multitude de sitios só coa **url**. É unha forma de evitar que calquera programador poda incrustar código malicioso nos blogs. Se non atopamos a plataforma onde está aloxado o noso contido, (youtube, genially, kahoot,...) seleccionamos a opción “incrustado” e probamos coa url.



## Xogando na biblio...



En xeral, vai funcionar.

1. Poñemos un título á entrada (tenta que estea relacionada co tema do teu blogue)

---

<sup>2</sup> Isto faio moi diferente a Blogger e a outras moitas ferramentas de creación de blogues e páxinas web onde hai que "xogar" co código html para manipular o tamaño e o aspecto das imaxes e os vídeos


2. Redactamos algo:

“Crear un texto que haga referencia á imaxe que imos inserir”

3. Buscamos un contido relacionado co tema en youtube, genially, prezi, kahoot.
4. Buscamos a opción de compartir e seleccionamos a url
5. Copiamos o código da url do vídeo e inserímolos no noso blogue.



Xogando na biblio...




6. Programamos a publicación da entrada para dentro de **tres minutos** (Barra lateral dereita → “**Estatus & Visibility**”)
7. Xeramos un enderezo automático

**Dentro de tres minutos tendremos nuestra primera entrada hecha a partir del código html!**

8. Prememos “**Publicar**”.

# Engadimos o noso blog ao padlet do curso.


Nesta cuarta práctica imos facer unha pequena paréntese en WordPress e imos engadir os nosos blogs ao padlet que está no curso para ver o que fan as nosas compañeiras e para poder comentar as súas entradas.



1. Entra en dous blogs diferentes e engade un comentario a dúas entradas.

# Moderando comentarios.

Podemos ver os comentarios que nos fixeron na consola de administración ( wordpress vén por defecto con moderación de comentarios).



1. Mira os comentarios que fixeron as túas compañeiras no blog e publícaos o non segundo o seu tono.